

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020349	IES de Sanxenxo	Sanxenxo	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Educación física	1º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	21
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	23
7.2. Actividades complementarias	24
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	28

## 1. Introdución

A presente programación está baseada no esquema formulado no Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obligatoria na Comunidade Autónoma de Galicia desenvolto na ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obligatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Centro Educativo: IES SANXENXO

Unidades: 12

Ensinanzas que se poden cursar: EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Niveis: 1º, 2º, 3º e 4º curso da ESO.

Agrupamentos: tres agrupamentos por cada un dos niveis.

Alumnado do centro: 310

Datos lingüísticos: a lingua materna predominante é o castelán, nas vilas próximas ao centro e ao litoral, e o galego nas parroquias do interior do concello. No centro, a lingua vehicular maioritaria é o castelán.

Para o desenvolvemento das clases de Educación Física dispone dos seguintes espazos:

**XIMNASIO :**

As dimensións son de 25 m de longo por 16 m de ancho. O chan é de madeira de bastante boa calidade.

Presenta elementos de risco que invaden o espazo natural onde se desenvolven as clases: cabina de material totalmente acrisolada e con unha esquina moi perigosa; mangueira de incendios, situada á altura das testas do alumnado, e cunha protección metálica ca converte nun elemento moi perigoso no caso de impacto fortuítico contra a mesma.

A superficie acrisolada, que rodea as paredes do ximnasio na súa parte superior, fai moi difícil o emprego de balóns, e resta moitas posibilidades de traballo por non dispoñer de suficiente superficie de parede libre de obstáculos, para a realización de moitos exercicios.

**PISTA EXTERIOR:**

O centro dispón unicamente dunha pista polideportiva (40 x 20m), marcada cunha pista de balonmán - fútbol sala e una pista de voleibol.

Moi próximo ó centro existe un piñeiral que polas súas características é apropiado para realizar actividades do bloque de condición física e actividades no medio natural.

A praia de Baltar atópase a uns 200 m do centro. Tamén é un espazo do que podemos facer uso para desenvolver actividades do bloque de actividade física e saúde, así coma todo tipo de xogos con material alternativo ( palas, discos voadores, indíacas, etc.)

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, seleccionando e incorporando intencionalmente actividades físicas e deportivas nas rutinas diarias, a partir dunha análise crítica dos modelos corporais e do rexeitamento das prácticas que carezan de base científica para facer un uso saudable e autónomo do seu tempo libre e así mellorar a calidade de vida.	3		2-5	4	2-4			

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX2 - Adaptar, con progresiva autonomía na súa execución, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacions con dificultade variable, para resolver situacions de carácter motor vinculadas con distintas actividades físicas funcionais, deportivas, expresivas e recreativas e para consolidar actitudes de superación, crecemento e resiliencia ao enfrentarse a desafíos físicos.					4-5		2-3	
OBX3 - Compartir espazos de práctica físico-deportiva con independencia das diferencias culturais, sociais, de xénero e de habilidade, priorizando o respecto entre os participantes e as regras sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica ante comportamentos antideportivos ou contrarios á convivencia e desenvolvendo procesos de autorregulación emocional que canalicen o fracaso e o éxito nestas situacions, para contribuír con progresiva autonomía ao entendemento social e ao compromiso ético nos diferentes espazos nos que se participa.	5	3			1-3-5	3		
OBX4 - Practicar, analizar e valorar distintas manifestacions da cultura motriz aproveitando as posibilidades e recursos expresivos que ofrecen o corpo e o movemento, profundando nas consecuencias do deporte como fenómeno social e analizando criticamente as súas manifestacions desde a perspectiva de xénero e desde os intereses económico-políticos que o rodean, para alcanzar unha visión máis realista, contextualizada e xusta da motricidade no marco das sociedades actuais.		3				2-3		1-2-3-4
OBX5 - Adoptar un estilo de vida sostible e ecosocialmente responsable aplicando medidas de seguridade individuais e colectivas na práctica físico-deportiva segundo a contorna e desenvolvendo colaborativa e cooperativamente accións de servizo á comunidade vinculadas á actividade física e ao deporte, para contribuír activamente á conservación do medio natural e urbano.			5			4	1-3	

**Descripción:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesiones</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
1	A Hixiene Deportiva I O Quecemento Xeral	Esta unidade didáctica irá dirixida a que o alumnado aprenda as pautas básicas para realizar un correcto quecemento, e sexa capaz de elaborar un ficheiro de exercicios de quecemento que poidan ser utilizados antes de calquera actividade física. O traballo realizado na clase servirá coma base para a elaboración do ficheiro que terán que recoller en soporte escrito ou dixital, previa consulta do material que sexa necesario. Durante o resto do curso os quecementos de cada unha das sesións prácticas entrarán a formar parte do ficheiro tendo, o alumnado que amplialo con outras propostas persoais.	6	10	X		
2	Bases da Actividade Física I As Capacidades Físicas Relacionadas coa Saúde	O obxectivo prioritario será que o alumnado leve á práctica exercicios e xogos orientados á traballo de acondicionamento físico a través da mellora das capacidades físicas relacionadas coa saúde. Para iso cómpre que antes coñezan conceptos básicos relacionados coas capacidades, físicas relacionadas coa saúde (resistencia aerobia e flexibilidade). As dúas primeiras sesións se adicarán á explicación de conceptos e a realización dun test de valoración da resistencia (Test de Cooper) e un test de valoración da flexibilidade (flexión profunda de tronco). O resto de sesións adicaranse ó traballo xeral destas capacidades a través de xogos e tarefas xogadas que traballen en xeral as capacidades físicas relacionadas coa saúde. Ó longo do curso se lles pasarán dúas veces mais dito test para que poidan constatar a evolución delas.	18	15	X	X	X
3	Xogos tradicionais e alternativos	Con esta unidade pretendemos involucrar ó alumnado nunha gran variedade de xogos, tanto tradicionais como alternativos. Dedicaremos especial atención os xogos con raquetas coa finalidade de mellorar entre outras destrezas, a coordinación óculo-manual. Para elo comenzaremos a traballar con pala corta (palas de praia) e pelota lenta (espuma), para ir pouco a pouco incorporando pelotas más rápidas (pelotas e raquetas de padel). Si dispuxeramos de suficiente tempo tamén farímos unhas sesións de iniciación o ping-pong. Esta unidade terá a súa continuación en segundo curso coa iniciación o bádminton.	10	12	X		

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesións</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
4	A Hixiene Deportiva I Actitude Corporal, Postural e Prevención de Lesións.	A importancia desta unidade didáctica centrarse principalmente en que o alumnado comprenda e valore a importancia que ten o fortalecemento da musculatura de sostén como medio para previr lesións posturais nun futuro. Tamén atenderemos a reforzar os hábitos hixiénicos logo da práctica de actividade física así como as posicións corporais axeitadas na práctica de actividades físicas e en situacións da vida cotiá. Os exercicios que se fagan na clase serán tanto individuais como grupais, formas xogadas, etc...	10	12		X	
5	Pautas básicas de primeiros auxilios (PAS)	O contido principal desta unidade e proporcionar as pautas básicas de actuación en caso de accidentes, tanto no ámbito da actividade físico-deportiva, como en situacións da vida cotiá.	10	9		X	
6	Música, Rítmico e Movimento	Esta unidade estará baseada no traballo do espazo, o tempo e o corpo en consonancia con distintos aspectos da motricidade. Nos iniciaremos nos pasos básicos de aerobic e zumba, e tentaremos de elaborar e executar algúns coreografías sinxelas.	13	12		X	
7	Coñecemo-lo Baloncesto	A través desta unidade aprenderemos as regras elementais do baloncesto e practicaremos exercicios de aprendizaxe e asimilación das técnicas básicas do mesmo (manexo do balón, bote, pases, recepcións, tiros a canastra...) así como nos iniciaremos na táctica colectiva tanto de ataque como de defensa a través de xogos adaptados.	23	24			X
8	Actividades no medio natural e urbano	Esta unidade didáctica levarase a cabo en dúas partes: a primeira delas terá lugar na aula e consistirá na aprendizaxe dos conceptos básicos que regulan as actividades no medio natural, coñecemento dos sinais de rastrexo e normas de circulación tanto no medio natural como no urbano. A segunda parte do traballo terá lugar no ximnasio e nos espacios que rodean o instituto (patio e parque). As actividades propostas incluirán a elaboración e interpretación de croquis e planos, así como diversas actividades de rastrexo e orientación.	10	11			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
1	A Hixiene Deportiva I O Quecemento Xeral	10

<b>Criterios de evaluación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Establecer secuencias sencillas de actividad física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, a partir dunha valoración do nivel inicial e respectando a propia realidade e identidade corporal.	Distingue de xeito básico as diferentes partes dunha sesión de actividad física: quecemento, parte principal e volta á calma.	PE	20
CA1.5 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividad física e do deporte.	Consulta información sobre a materia en formato dixital, cumplimenta os cuestionarios, e responde as cuestións teóricas utilizando a plataforma Edixgal.		
CA1.2 - Comezar a incorporar con progresiva autonomía procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Elabora e leva á práctica quecementos xerais e fases finais da sesión coa axuda do profesor.	TI	80
CA1.3 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividad física, aprendendo a recoñecer situacóns de risco para actuar preventivamente.	Asiste a clase coa indumentaria e calzado axeitados, e interioriza hábitos de aseo ó rematar a sesión.		
CA2.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividad física, aprendiendo a recoñecer situacóns de risco para actuar preventivamente.	Coñece e pon en práctica hábitos de alimentación saudables.		

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Prueba escrita, TI: Tabla de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Alimentación saudable.</li> <li>- Coidado do corpo: quecemento xeral e específico autónomo.</li> <li>- A hixiene como elemento imprescindible na práctica da actividad física e deportiva.</li> <li>- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: calzado deportivo e ergonomía.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Bases da Actividade Física I As Capacidades Físicas Relacionadas coa Saúde	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Recoñece de xeito básico as principais características das capacidades físicas básicas e o xeito de mellorlas dentro dos parámetros saudables.	PE	20
CA1.1 - Establecer secuencias sinxelas de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, a partir dunha valoración do nivel inicial e respectando a propia realidade e identidade corporal.	Participa activamente en actividades físico-deportivas para o desenvolvemento das capacidades físicas básicas.	TI	80
CA1.2 - Comezar a incorporar con progresiva autonomía procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Alcanza un nivel de condición física axeitado á súa idade e ao seu desenvolvemento tendo en conta o seu nivel inicial.		
CA1.5 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Expón traballos sinxelos utilizando recursos tecnolóxicos.		
CA3.4 - Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con progresiva autonomía.	Sabe tomar a frecuencia cardíaca en diferentes partes do corpo e adaptar a intensidade do esforzo á frecuencia cardíaca correspondente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:           <ul style="list-style-type: none"> <li>- Taxa mínima de actividade física diaria e semanal, adaptando a intensidade da tarefa ás características persoais.</li> </ul> </li> <li>- Saúde mental:           <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aceptación de limitacións e posibilidades de mellora ante as situacións motrices.</li> </ul> </li> <li>- Capacidades condicionais: desenvolvemento das capacidades físicas básicas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Xogos tradicionais e alternativos	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Recoñecer e valorar a incidencia que algunas prácticas e comportamentos sociais teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto e evitando activamente a súa reprodución.	Aprende a identificar e rexeitar aquelas condutas reprochables asociadas as actividades deportivas.	TI	100
CA1.6 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demás.	Respecta o traballo desenvolvido polos seus compañeiros independentemente do seu nivel de destreza		
CA2.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	É quen de evitar situacións de risco, coa axuda do profesor e dos compañeiros , na práctica de actividades físicas e deportivas.		
CA2.3 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Participar de forma activa e desinhibida nas actividades propostas amosando tolerancia e deportividade, e rexeitando a competitividade desmedida.		
CA2.4 - Xestionar a preparación e a participación en xogos motores e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia coma con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas.	Amosar interese por participar nos xogos tradicionais e deportes adaptados, procurando a mellora das destrezas básicas con respecto o nivel inicial.		
CA2.5 - Coñecer e aplicar normas de seguridade individuais e colectivas na práctica de actividades motrices.	Respecta as normas de xogo e as capacidades físicas dos compañeiros co obxectivo de evitar accidentes.		
CA3.3 - Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación da compañeira ou do compañeiro e da persoa oponente (se a houbesese) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Discrimina de forma selectiva os estímulos axeitados para obter vantaxe nas situacións facilitadas de oposición, respectando os rivais e as normas de xogo		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportivididade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Amosa tolerancia e deportivididade tanto no papel de participante como no de espectador.		
CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demás.	Describe e pon en práctica os sextos técnicos básicos dos deportes practicados, rexeitando estereotipos de xénero.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde social:</li> <li>- Efectos sobre a saúde de malos hábitos vinculados a comportamentos sociais.</li> <li>- Saúde mental:</li> <li>- Aceptación de limitacións e posibilidades de mellora ante as situacións motrices.</li> <li>- A actividade física como fonte de gozo, liberación de tensións, cohesión social e superación persoal.</li> <li>- Elección da práctica física: xestión das situacións de competición en base a criterios de lóxica, respecto ao rival e motivación.</li> <li>- Preparación da práctica motriz: autoconstrucción de materiais como complemento e alternativa na práctica da actividade física e do deporte.</li> <li>- Toma de decisións:</li> <li>- Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, contexto e parámetros espaciais nas que se desenvolve en situacións motrices individuais.</li> <li>- Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas.</li> <li>- Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións.</li> <li>- Habilidades sociais: condutas prosociais en situacións motrices colectivas.</li> <li>- Respecto ás regras: regras de xogo como elemento de inclusión social.</li> <li>- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	A Hixiene Deportiva I Actitude Corporal, Postural e Prevención de Lesións.	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Recoñece e adopta hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, e responde a cuestións básicas sobre o tema.	PE	15
CA1.1 - Establecer secuencias sinxelas de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, a partir dunha valoración do nivel inicial e respectando a propia realidade e identidade corporal.	Leva a cabo, coa axuda do profesor, exercicios para a mellora do ton muscular, do equilibrio e da coordinación.	TI	85
CA1.2 - Comezar a incorporar con progresiva autonomía procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.		
CA3.1 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	E quen de localizar en internet os protocolos básicos a seguir ante as lesións más comúns: contracturas, escordaduras, pequenos golpes...		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>	
- Saúde física:	
- Educación postural: técnicas básicas de descarga postural e relaxación.	
- Musculatura lumbo-pélvica e a súa relación co mantemento da postura.	
- Pautas para tratar a dor muscular de orixe retardada.	
- Toma de decisións:	
- Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, contexto e parámetros espaciais nas que se desenvolve en situacións motrices individuais.	
- Consumo responsable no ámbito da actividade físico-deportiva.	

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Pautas básicas de primeiros auxilios (PAS)	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Recoñece os pasos a seguir no protocolo PAS (Protexer - Avisar - Socorrer), e no protocolo RCP.	PE	15
CA2.2 - Actuar de acordo cos protocolos de intervención ante accidentes derivados da práctica de actividade física aplicando medidas básicas de primeiros auxilios.	Recoñece os pasos a seguir no protocolo RCP, e sabe levalos a práctica sobre o maniquí.	TI	85
CA2.5 - Coñecer e aplicar normas de seguridade individuais e colectivas na práctica de actividades motrices.	Pon en práctica actuacións ante situacións de emerxencia (evacuación do centro, chamada ao 112)		
CA3.1 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	É quen de localizar información en internet sobre o protocolo RCP e a maneira de aplicalo ante situacións de emerxencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Medidas de seguridade en actividades físicas dentro e fóra do centro escolar.</li> <li>- Actuacións básicas ante accidentes durante a práctica de actividades físicas.</li> <li>- Conduta PAS (protexer, avisar, socorrer). Protocolo 112. Soporte vital básico (SVB).</li> <li>- Toma de decisións:</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Música, Rítmico e Movemento	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	É quen de localizar en youtube músicas e coreografías apropiadas para o traballo de clase.	TI	100
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo.	Pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo sinxelo.		
CA3.4 - Mostrar control e dominio corporal ao empregar os componentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con progresiva autonomía.	Utiliza técnicas corporais básicas, combinando espazo, tempo e intensidade.		

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisiones e assumindo distintos roles asignados e responsabilidades.	Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e assumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.		
CA5.1 - Participar en xogos motores, deportes e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia coma con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas.	Colabora na realización de bailes e danzas, tanto da nosa cultura tradicional como das expresións contemporáneas, rexeitando os estereotipos discriminatorios ou sexistas.		
CA5.2 - Utilizar intencionadamente e con progresiva autonomía o corpo como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas, participando activamente na creación e representación de composicións individuais ou colectivas con e sen base musical.	Participa de forma activa na creación e representación de sinxelas coreografías en pequenos grupos.		

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Prueba escrita, TI: Tabla de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Toma de decisiones:</li> <li>- Utilización consciente do corpo en función das características da actividad, contexto e parámetros espaciais nas que se desenvolve en situacións motrices individuais.</li> <li>- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas.</li> <li>- Creatividade motriz: resolución de retos e situacións-problema de forma orixinal, tanto individualmente coma en grupo.</li> <li>- Achegas da cultura motriz á heranza cultural.</li> <li>- Os xogos e as danzas como manifestación da interculturalidade.</li> <li>- Usos comunicativos da corporalidade: expresión de sentimientos e emocións en diferentes contextos.</li> <li>- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico expresivo.</li> <li>- Xogos, deportes, danzas e bailes autóctonos de Galicia como elemento transmisor do patrimonio cultural.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	Coñecemo-lo Baloncesto	24

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitivididade desmedida e actuando con deportivididade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Coñece as regras básicas do baloncesto e é capaz de completar cuestionarios ou exames relativos a dito regulamento.	PE	30
CA1.4 - Recoñecer e valorar a incidencia que algunas prácticas e comportamentos sociais teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto e evitando activamente a súa reproducción.	Aprende a identificar e rexeitar aquelas condutas reprochables asociadas as actividades deportivas.		
CA1.6 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demás.	Respecta o traballo desenvolvido polos seus compañeiros independentemente do seu nivel de destreza.		
CA2.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Respecta as normas de xogo e as capacidades físicas dos compañeiros co obxectivo de evitar accidentes.		
CA2.3 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitivididade desmedida e actuando con deportivididade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Amosa interese por participar en actividades e xogos adaptados o deporte do baloncesto ,con independencia do nivel de destreza acadado.		
CA3.3 - Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación da compañeira ou do compañero e da persoa oponente (se a houvese) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Discrimina de forma selectiva os estímulos axeitados para obter vantaxe nas situacións facilitadas de oposición, respectando os rivais e as normas de xogo.	TI	70
CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demás.	Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.		
CA4.3 - Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas vinculados ás devanditas manifestacións.	Describe e pon en práctica os xestos técnicos básicos do deporte do baloncesto, rexeitando estereotipos de xénero.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Saúde social:
  - Efectos sobre a saúde de malos hábitos vinculados a comportamentos sociais.
  - Comportamentos violentos e incitación ao odio no deporte.
- Saúde mental:
  - Aceptación de limitacións e posibilidades de mellora ante as situacións motrices.
- Elección da práctica física: xestión das situacións de competición en base a criterios de lóxica, respecto ao rival e motivación.
- Toma de decisións:
  - Pautas grupais para optimizar os recursos motrices do grupo para a resolución da acción/tarefa en situacións cooperativas.
  - Análise de movementos e patróns motores do adversario para actuar en consecuencia en situacións motrices de persecución e de interacción cun móvil.
  - Adaptación dos movementos propios ás accións do contrario en situacións de oposición.
- Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas.
- Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións.
- Estratexias de autorregulación colectiva do esforzo e a capacidade de superación para afrontar desafíos en situacións motrices.
- Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos.
- Respecto ás regras: regras de xogo como elemento de inclusión social.
- Funcións de arbitraxe deportiva.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.
- Deporte e perspectiva de xénero: promoción do deporte en igualdade, figuras masculinas e femininas do deporte galego.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Actividades no medio natural e urbano	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.5 - Coñecer e aplicar normas de seguridade individuais e colectivas na práctica de actividades motrices.	Coñece e pon en práctica as medidas básicas de seguridade naquelas actividades que se desenvolven na contorna próxima ó centro.	TI	100

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportivididade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Pon en práctica actividades de rastrexo sínxelas e técnicas básicas de orientación.		
CA6.2 - Recoñecer e valorar a incidencia que algunas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto na contorna e evitando activamente a súa reproducción.	Participa en actividades relacionadas co deporte da orientación fomentando a colaboración fronte a competitividade desmedida.		
CA6.3 - Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticos, gozando de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir e sendo conscientes da súa pegada ecolóxica.	Coida as instalacións do centro e as da súa contorna durante a realización das actividades de orientación.		
CA6.4 - Practicar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.	Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Medidas de seguridade en actividades físicas dentro e fóra do centro escolar.</li> <li>- Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións.</li> <li>- Respecto ás normas viarias en desprazamentos activos cotiáns para unha mobilidade segura, saudable e sostible.</li> <li>- O uso da bicicleta como medio de transporte habitual.</li> <li>- Análise do risco nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano: medidas de seguridade en actividades das distintas contornas con posibles consecuencias graves nestes.</li> <li>- Consumo responsable no ámbito da actividade físico-deportiva.</li> <li>- Práctica de actividades físico-deportivas nas distintas contornas, coidando destas, como servizo á comunidade.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada, para a posta en práctica da programación, terá un carácter global (en concordancia coas finalidades do actual sistema educativo), e estará desenvolvida en torno a dous núcleos centrais:

##### 1.- ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS A DESENVOLVER NA AULA:

Partindo da actual concepción do sistema educativo na que se concibe a aprendizaxe coma un proceso de construcción do propio alumnado, o noso obxectivo será expor un método que sexa:

Activo: que permita a máxima participación do alumnado no proceso.

Flexible: onde os métodos didácticos han de estar subordinados ás características do alumnado, estrutura da actividade, medios dispoñibles...

Participativo: fomentando a cooperación, o compañerismo e actitudes sociais.

Integrador: mellora das capacidades físicas, psíquicas e sociais do alumnado en función das súas posibilidades, sen

distinción de sexo ou calquera outra connotación.

A metodoloxía vai dirixida fundamentalmente cara a consecución dunha crecente autonomía por parte do alumnado, que a nivel práctico tradúcese nunha diminución na toma de decisións por parte do profesorado e un aumento destas polo alumnado. O profesorado aplicará unha serie de principios para que o alumnado vaia actuando por si só de forma progresiva, pasando dunha fase directiva (dotación do bagaxe de coñecementos e experiencias o máis amplio posíbel), a unha fase autónoma (potenciando técnicas de indagación e investigación, e aplicacións e transferencias do aprendido á vida real).

Aínda que a actual tendencia metodolóxica decántase cara a métodos baseados no descubrimento non se prescindirá dos estilos, estratexias na práctica e tarefas más intimamente ligadas a métodos baseados na recepción cando así sexa necesario. É dicir, trataremos de definir un método válido para cada situación concreta atendendo ás características tanto do alumnado coma as da propia materia e o noso centro educativo.

## 2.- RECURSOS METODOLÓXICOS:

Cando as tarefas a desenvolver sexan complexas tecnicamente e encerren algúns perigo, cando interese un bo rendemento do mecanismo de execución e cando nos enfrontemos a habilidades de tipo pechado, empregaránse formulacións baseadas na recepción, estilos nos que as decisións as tome o profesorado (mando directo, asignación de tarefas), tarefas de tipo definido e semidefinido, así coma estratexias na práctica de tipo analítico.

Pola contra, cando se realicen habilidades de tipo aberto (nas que o mecanismo de percepción e de decisión son fundamentais), cando interese máis o proceso que o produto e cando o obxectivo buscado sexa a autonomía do alumnado e o desenvolvemento da súa creatividade, optaremos por formulacións centradas no descubrimento, estilos nos que o alumnado tome decisións (inclusión, descubrimento guiado e resolución de problemas), tarefas de tipo semidefinido e non definido, e estratexias na práctica intermedias, sobre todo global con modificación da situación real e global con polarización da atención, e globais puras.

## 3.- ASPECTOS ORGANIZATIVOS:

A ocupación racional do espazo será un aspecto a ter en conta nas sesións. Para elo incidiremos na colocación do material e nas informacións previas que se dan antes das actividades. O alumnado responsabilizaráse do reparto de material e da recollida do mesmo. Daráselle prioridade ó traballo cooperativo (sen esquecer, por suposto, o traballo individual cando as circunstancias o requiran).

Respecto á formación de grupos optamos por unha estratexia mixta na que se combinan a libre decisión do alumnado, coas decisións do docente, para formar grupos nos que se poidan dar situacións de heteroxeneidade ou homoxeneidade, en función de se nos interesa que existan situacións de axuda e colaboración na aprendizaxe dentro do grupo; fomento de actitudes de cooperación; busca de integración do alumnado, ou ben se queremos situación de competición en igualdade, etc...

## 4.- OPTIMIZACIÓN DO TEMPO DE ACTIVIDADE:

Para aprender unha tarefa e lograr un nivel de execución aceptable, o alumnado debe dispoñer dun tempo razonable para practicar a devandita actividade un número suficiente de veces.

O tempo que o alumnado dedica exclusivamente á práctica de actividade física é o que se coñece como tempo de actividade real. Para intentar incrementar na medida do posible o tempo de actividade real do alumnado, vanse ter en conta unha serie de consideracións prácticas para tal efecto, que a saber son:

Preparación da clase de educación física. Os preparativos previos á sesión adoitan seguir un protocolo cotián e repetitivo: acceder ao vestiario dende a aula, cambiarse de roupa, ir á pista ou ximnasio, pasar lista, regresar, asearse e volver cambiar de roupa. Para evitar a perda de tempo nesta fase motivaremos previamente o alumnado cara ás tarefas da sesión e limitaremos o tempo de estanza no vestiario.

Eficiencia no tempo dispoñible. O devandito tempo trataremos de optimizalo do seguinte xeito;

a) Claridade e brevidade nas explicacións das tarefas. Focalizaremos a atención nun ou dous aspectos que aseguren certas posibilidades de éxito nos primeiros intentos para non desbordar o alumnado con demasiada información e ademais, conseguir que se motiven polos primeiros éxitos alcanzados. Especial trato dedicaremos ás premisas de respecto mutuo e de seguridade nas tarefas, de cara a que o alumnado aprenda claramente o seu papel na prevención de riscos e na axuda ao compaño/a.

b) Rendibilidade na montaxe e recollida do material. Para evitar as perdidas de tempo nesta faceta da sesión, aproveitaremos ao máximo os materiais que seleccionemos para a sesión. Ademais, designaremos ao inicio da sesión, ao alumnado responsable da colocación e recollida do material que se vaia utilizar. Naquelhas sesións nas que se vaia traballar en circuíto e necesiten moito material, intentaremos na medida do posible, realizar a montaxe previamente á sesión.

c) Eficiencia na formación e transición dos agrupamentos. Para evitar as perdidas de tempo que supoñen tanto o establecemento de agrupamentos, como a transición duns a outros, naquelhas sesións nas que as actividades de ensino-aprendizaxe demanden continuos cambios de agrupamentos, secuenciaremos as mesmas de tal maneira que vian seguidas todas as actividades individuais, logo por parellas, logo por cuartetos, etc., aproveitando o agrupamento anterior para facer o seguinte, de ser posible.

d) Optimización das partes da sesión. Aínda que diferentes autores propoñen varias divisións das sesións de E.F.,

podemos dicir que basicamente as sesións de educación física divídense en tres partes, a saber: posta en acción, parte principal e volta á calma. Nos puntos anteriores abordamos as pautas a seguir para evitar as perdas de tempo na parte principal da sesión, centrándonos agora nas outras dúas partes.

Para limitar as perdas de tempo na posta en acción, aproveitaremos esta para explicar o sentido da sesión, relationala coa sesión previa, e transmitir a maior parte da información necesaria para a súa parte principal.

Na volta á calma, aproveitaremos o tempo de recuperación para recordar os puntos más importantes traballados na parte anterior, repartiremos, no seu caso, as fichas de avaliación da sesión e motivaremos o alumnado para a sesión seguinte.

#### 5. ACTIVIDADES:

A función das actividades é a de reforzar os contidos, grazas a elles o alumnado adquire os mesmos. Ademais, teñen unha función favorecedora do proceso de socialización.

Polo tanto, para cumplir coa súa función, utilizaremos diferentes tipos de actividades. As actividades de Diagnóstico utilizarémolas principalmente nas primeiras sesións de cada U.D. co obxectivo de levar a cabo a avaliación dos coñecementos previos do alumnado sobre os contidos a desenvolver. As actividades de Desenvolvemento que utilizaremos para desenvolver os contidos centrais das distintas UU.DD. Ligadas a estas actividades virán as de Síntese, nas cales trataremos de conseguir a aplicación dos contidos aprendidos, en situacóns reais de práctica. Por último, seguindo a lóxica metodoloxica, levaremos a cabo as actividades de Avaliación, coas que pretendemos comprobar o nivel de adquisición de contidos desenvolvido polo alumnado. Non debemos esquecer, que dada a heteroxeneidade do alumnado, os ritmos de aprendizaxe son individuais, polo tanto teremos preparados dous tipos más de actividades; as de Reforzo, que utilizaremos con aquel alumnado cuxo ritmo de aprendizaxe sexa máis lento que o do grupo de referencia; e as de Ampliación, que utilizaremos con aquel alumnado que presenta un dominio importante do contido dende un principio, ou cuxo ritmo de aprendizaxe está por riba do grupo de referencia.

#### 6. ESTRATEGIA NA PRÁCTICA:

A estratexia na práctica que empregaremos dependerá do tipo de contido e da tarefa que deseñaramos, así como do seu obxectivo.

Así por exemplo, para as actividades de avaliación inicial, deseñadas para a primeira sesión de cada U.D., con carácter xeral, a estratexia será de tipo global, onde se implique o maior número de habilidades, fundamentos e coñecementos posible para poder facernos unha idea xeral do nivel de coñecemento inicial do noso alumnado no devandito contido.

Para aquellas tarefas onde o obxectivo perseguido sexa entre outros unha aprendizaxe técnica, a estratexia a utilizar será máis analítica. Por exemplo a aprendizaxe dun xesto técnico, comenzará cunha aproximación analítica ao mesmo descomponéndoo en diferentes partes secuenciadas segundo os segmentos corporais implicados no xesto.

Por último, para os pasos intermedios entre as aprendizaxes más analíticas e as más globais, utilizaremos estratexias sintéticas que nos permitan avanzar na aprendizaxe de todo tipo de contidos.

Hai que dicir, que as estratexias utilizadas poden presentarse de forma tanto simultánea como secuencial dentro da mesma sesión. Así mesmo, pódense utilizar en ambos os dous sentidos, é dicir, podemos partir dunha estratexia global para rematar cunha aprendizaxe más analítica, ou viceversa, podemos partir dunha estratexia más analítica para rematar cunha más global.

#### 7. RUTINAS:

Para favorecer o bo funcionamento das sesións, e coa intención de optimizar ao máximo o tempo de práctica efectivo por parte do alumnado que redunde nunha maior aprendizaxe por parte destes, establecense unha serie de rutinas.

Entrada e Saída da aula: A entrada á aula será o máis puntual posible, establecéndose unha marxe de 5 minutos entre o toque do timbre e a entrada na aula de educación física (pavillón, pista, etc) correspondente. A saída da mesma non se producirá ata que toque o timbre.

Cambio de Roupa: O alumnado, nada máis acceder á instalación que así o requira, procederá sen demora ao cambio da roupa necesaria para realizar a sesión, sempre e cando este sexa necesario.

Hábitos Hixiénicos: Distinguiremos entre aseo e ducha. Entendemos por aseo o secado da sudoración e o cambio de roupa. Para iso o alumnado contará con 5 minutos. O alumnado que mostre a súa intención de ducharse, debe advertilo ao profesorado antes de iniciar a clase, cedéndoselle os últimos 7 minutos da sesión.

Recollida do Material: O material utilizado na sesión será recollido por quendas polo alumnado participante na sesión a excepción de, se é o caso, o alumnado que se vaia duchar.

#### 8.- COMUNICACIÓN CO ALUMNADO:

A comunicación entre alumnado-profesorado sera bidireccional. Os canais a empregar para o intercambio de información serán verbais, visuais e kinestésico-táctiles.

A maiores das medidas ordinarias de seguridade, que se teñen en conta na selección dos contidos, na metodoloxía, e na organización, quero facer referencia á necesidade de empregar indumentaria axeitada nas clases de educación física e de retirar todo tipo de aneis, pendentes, etc. que poidan supor risco de lesión para o propio alumnado e para ós seus compañeiros/as.

#### 9.- ESTRATEGIAS A SEGUIR PARA A ADQUISICIÓN DE HÁBITOS E COÑECIMENTOS FÓRA DA AULA:

Cabe recordar que unha das finalidades básicas do proceso de ensinanza-aprendizaxe é que o alumnado sexa autónomo á hora de construír as súas propias aprendizaxes. Unha das mellores maneiras para conseguilo e adquirindo o hábito no emprego de material diverso que lle facilite este proceso. Por tal motivo, dende o departamento de educación física, se lles facilitará ó alumnado o acceso á aula virtual do centro e á plataforma EVA do proxecto E-dixgal. Ambos espazos foron creados para reforzar e ampliar os coñecementos das sesións de clase. Nestes espazos virtuais, o alumnado terá á súa disposición material de traballo para desenvolver os contidos da aula, material de apoio para reforzar eses contidos e material de consulta e ampliación. Ademais poderán consultar as cualificacións e os progresos que van acadando ó longo do curso. Daráselles información, o máis precisa posible, para que de forma autónoma a empreguen en función das súas necesidades, motivacións e intereses persoais. Tamén terán a súa disposición un catálogo composto polos seguintes documentos:

1.- Unha listaxe de bibliografía diversa:

\* Libros específicos relacionados cos contidos da área.

\* Obras diversas (novelas, relatos e algún ensaio), que están baseadas ou moi directamente relacionadas co deporte.

2.- Películas relacionadas có deporte.

3.- Listaxe de temas musicais empregados nas clases de educación física.

Con esta proposta de materiais pretendemos tamén animar ós pais-nais a que participen do proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos/as xa que, eles tamén poderán ter acceso a toda esta información.

O centro dispón unicamente dunha pista polideportiva (40 x 20m), marcada cunha pista de balonmán -fútbol sala e una pista de voleibol. Moi próximo ó centro existe un piñeiral que polas súas características é apropiado para realizar actividades do bloque de condición física e actividades no medio natural. A praia de Baltar atópase a uns 200 m do centro. Tamén é un espazo do que podemos facer uso para desenvolver actividades do bloque de actividade física e saúde, así coma todo tipo de xogos con material alternativo (palas, discos voadores, indíacas, etc.)

A Educación Física na educación secundaria ten un carácter motriz, práctico e vivencial que busca, entre outros obxectivos, incrementar a actividade física efectiva do alumnado.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Plataforma EVA (Edixgal) e Aula virtual do centro
Material bibliográfico no departamento e biblioteca
Material deportivo do ximnasio
Entorno natural dos arredores do centro

Na aula virtual da páxina web do instituto (<https://www.edu.xunta.gal/centros/iessanxenxo/aulavirtual2/>), e no entorno virtual de aprendizaxe (EVA)(<https://eva.edu.xunta.gal/login/index.php>), o alumnado pode atopar todos os materiais necesarios para seguir o curso, aqueles imprescindibles para coñecer os temas e unidades didácticas.

Para impartir as clases o departamento dispón de material funxible que se vai repoñendo na medida en que se deteriora polo uso normal, tanto nas clases como nas actividades extraescolares. O departamento dispón de un ordenador portátil, pantalla e proxector o cal facilitará sen dúbida o poder impartir os contidos teóricos dentro do ximnasio. Os espazos naturais, en Portonovo e arredores convértense nesta materia en recurso didáctico imprescindible para as sesións de actividades na natureza.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Dende o departamento de Educación Física as probas de avaliación inicial vanse a orientar na seguinte dirección:

1.- Identificar con claridade problemas de aprendizaxe do noso alumnado a comezos de curso. Para iso levarase a cabo unha proba escrita na que se tratará de avaliar non tanto o que lembran ou non o noso alumnado de etapas anteriores senón o seu nivel competencial á hora de interpretar textos, gráficos, realizar esquemas e resolver problemas formulados con contidos da nosa disciplina.

2.- Valorar o grao de desenvolvemento individual nos seguintes aspectos: comprensión, capacitación motriz, resolución de problemas e comunicación. Os instrumentos utilizados neste caso serán test de condición física e unha rúbrica para avaliar o tratamento da diversidade individual.

3.- Valorar aspectos relacionados co grupo: motivación-intereses do alumnado, actitude-colaboración e comunicación. O instrumento utilizado neste caso será unha rúbrica para avaliar o tratamento da diversidade do grupo.

Este proceso levarase a cabo durante as tres primeiras semanas a excepción dos test de condición física que se levarán a cabo ao longo dos dous primeiros meses.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliação por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	6	18	10	10	10	13	23	10	100
Proba escrita	20	20	0	15	15	0	30	0	15
Táboa de indicadores	80	80	100	85	85	100	70	100	85

### Criterios de cualificación:

A Programación Didáctica consta de 8 UD. As unidades didácticas están distribuídas trimestralmente, de tal xeito que a 1, a 3 e un tercio da 2, impartiranse no primeiro trimestre cun peso total do 22%; a 4, a 5, a 6 e un tercio da 2, impartiranse no segundo trimestre cun peso total do 39%, e a 7, a 8 e un tercio da 2, impartiranse no terceiro trimestre cun peso total do 39%. No número de sesións asignado a cada UD contémplanse tamén a/as sesións dedicadas á avaliação.

O peso de cada UD estableceuse en función do número de sesións e do contido das mesmas.

Para a cualificación de cada Unidade Didáctica teremos en conta, para cada Criterio de Avaliación, os mínimos de consecución establecidos, os instrumentos de avaliação o seu peso orientativo (establecido en cada UD).

Tendo en conta estes elementos, para a superación de cada unidade didáctica o alumnado deberá acadar os mínimos de consecución establecidos, nun peso orientativo global igual ou superior ao 50%. No caso de detectarse dificultades nalgún alumno ou alumna, adoptaránse as medidas de reforzo educativo necesarias.

A cualificación de cada trimestre, obterase calculando a media aritmética ponderada das cualificacións obtidas en cada UD impartida no trimestre.

A cualificación da avaliação previa á avaliação final da materia, obterase calculando a media aritmética ponderada das cualificacións obtidas en cada avaliação trimestral.

O valor numérico da nota irá dende o 1 ao 10, sen redondeo, e para considerar superada a U.D., o trimestre e o curso o alumnado debe acadar unha puntuación de 5 puntos ou superior.

Para a obtención da nota empregaranse distintos procedementos, tanto probas escritas, como observación directa por parte da persoa docente, listas de cotexo, rúbricas de avaliação ou guías de corrección. As probas escritas poderán ser exames tipo test, de resposta curta ou de desenvolvemento. Tamén poderán solicitarse a realización de traballos escritos.

Atención especial require o alumnado que por diferentes motivos (lesións, malestares diversos, etc) non pode seguir o ritmo das sesións ou facer a clase por un período de tempo indeterminado. Ao ser a nosa materia práctica, intentarase que na medida do posible se incorpore ás sesións facendo as adaptacións oportunas. De non ser posible, determinarase o rol que deberá desempeñar, en función do tipo de sesión que se estea a desenvolver: árbitro, apoio aos compañeiros, alumno avantaxado, axudante da persoa docente, etc.

Para a avaliação deste alumnado empregaranse rúbricas específicas segundo o papel desempeñado que poderá complementarse con traballos escritos.

En canto aos instrumentos de avaliação das unidades didácticas, aclarar que o tipo de instrumento establecido como maioritario é a táboa de indicadores xa que a nosa materia é eminentemente práctica.

## Criterios de recuperación:

Para recuperar as Unidades didácticas non superadas:

Rematada a UD proporase ao alumnado que non a superou actividades de recuperación, supervisadas, avaliadas e cualificadas polo profesorado en sesións de titoría previa cita. Segundo as circunstancias, poderanxe propor a realización de probas escritas.

De non superala, quedará pendente de recuperar, sempre e cando o alumnado non supere o trimestre, no caso contrario a UD darase por superada.

Para recuperar a avaliação trimestral:

O alumnado deberá recuperar so as Unidades didácticas que non teña superadas e dentro de cada unidad didáctica, soamente os criterios de avaliação non superados. O profesorado proporá actividades de recuperación ao alumnado supervisadas, avaliadas e cualificadas en sesións de titoría previa cita. Segundo as circunstancias poderanxe propor ao alumnado a realización de probas escritas.

Para superar a avaliação final:

Ao alumnado con algúna avaliação trimestral non superada, recibirá un plan de recuperación e realizará as actividades propostas no período que vai dende o remate das sesións do terceiro trimestre e a avaliação final. No caso de que o alumnado supere as actividades de reforzo propostas no plan, incrementarase a súa cualificación nas UU.DD. correspondentes e calcularase de novo a cualificación final da materia. Se unha vez recualificado iguala ou supera os 5 puntos de nota global, terá superada a materia

Para mellorar a nota na avaliação final:

O alumnado que deseñe mellorar a súa cualificación, recibirá un plan de mellora. Neste plan priorizaranse os contidos con peor cualificación ou non superados nas diferentes Unidades didácticas. As actividades propostas serán acordadas entre a persoa docente e o alumnado. No caso de que o alumnado supere as actividades de reforzo propostas no plan, incrementarase a súa cualificación nas Unidades didácticas correspondentes e calcularase de novo a cualificación final da materia.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliação das materias pendentes

Neste apartado preséntanse dúas casuísticas:

1.- O alumnado que promocionou a un curso superior coa materia pendente deberá seguir un plan de recuperación destinado á súa recuperación e á súa superación. Dito plan será redactado polo profesorado que lle imparta docencia no curso que lle corresponda tendo en conta os parámetros establecidos na programación ordinaria.

Para a elaboración e o seguimento do plan de recuperación ao que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Dito plan de recuperación terá unha secuenciación e avaliação trimestral atendendo aos criterios de cualificación que soamente se tratan no nivel da materia pendente, quedando os demáis criterios supeditados a avaliação positiva obtida no nivel actual no que se atope o alumnado.

2.- O alumnado que repite curso e a materia é unha das que causaron a repetición deberá seguir un plan de reforzo destinado á reforzar aqueles aspectos das aprendizaxes que presentaron máis problemas o curso anterior para superalos. Dito plan será redactado polo profesorado que lle imparta docencia no curso actual tendo en conta os parámetros establecidos na programación ordinaria.

Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo ao que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Dito plan de recuperación terá unha secuenciación e avaliação trimestral.

No inicio do curso, o alumnado implicado, terá unha reunión co profesorado da materia para ser informados dos procedementos de recuperación de pendentes. Ao inicio de cada trimestre a familia será informada dos aspectos a traballar durante o trimestre, tanto no plan de recuperación como no de reforzo, e ao remate dos mesmo será informada dos logros acadados.

O alumnado que supere cunha nota igual ou superior a cinco puntos o plan de recuperación terá superada a materia pendente.

O alumnado que supere cunha nota igual ou superior a cinco puntos a materia do curso actual superará automáticamente a materia pendente independentemente de ter superado ou non o plan de recuperación.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo á Orde do 8 de setembro que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado.

Os resultados obtidos das evaluacións iniciais e dos informes individualizados van a orientarnos sobre as diferencias que existen entre o alumnado en canto a niveis, motivacións, ritmos de aprendizaxe,... Segundo as circunstancias pódense expor metodoloxías e niveis de axuda diversos, propoñer actividades de aprendizaxe diferenciadas, prever adaptacións de material didáctico, organizar grupos de traballo flexibles acelerar ou desacelerar o ritmo de introdución de novos contidos, organiza-los e secuencialos de forma distinta, ou dar prioridade a uns núcleos de contidos por encima doutros, profundar en eles ou ampliándooos. As medidas de atención á diversidade tomadas dende a área de Educación Física terán coma obxectivo prioritario a procura dun contexto de aprendizaxe que favoreza non só a adquisición de coñecementos relacionados coa área senón tamén aprendizaxes que favorezan ó máximo a súa socialización no contexto escolar e na sociedade. O fin será lograr que o máximo número de alumnos poidan acada-los obxectivos establecidos para cada un dos niveis da E.S.O de cara a acadar os obxectivos xerais de área e como non de etapa.

### 1.- DESCRICIÓN DO GRUPO DESPOIS DA AVALIACIÓN INICIAL:

Á hora de expor as medidas de atención á diversidade e inclusión recollerase información sobre cada grupo de alumnos/as relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puideron identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, é estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo.
- Os aspectos que hai que ter en conta ao agrupar aos alumnos e ás alumnas para os traballos cooperativos.
- O tipo de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

### 2.- NECESIDADES INDIVIDUAIS:

A evaluación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais do alumnado; a partir dela poderase:

- Identificar ao alumnado que necesita un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, localización de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van a empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai a utilizar con cada un deles.
- Acotar o intervalo de tempo e o modo en que se van a avaliar os progresos dos alumnos.
- Fixar o modo en que se vai a compartir a información sobre cada alumno co resto de docentes que interveñen na súa aprendizaxe, especialmente co titor.

### 3.- MEDIDAS ESTABLECIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

Despois de recoller e analizar toda a información da evaluación inicial as medidas ordinarias establecidas dende Área de Educación Física, coma punto de referencia para establecer o posterior desenvolvemento das programacións de aula, serán as seguintes:

- Establecer secuencias de contidos que aseguren aprendizaxes básicas para tódolos coñecementos de maior complexidade para algúns.
- Deseñar actividades de ensinanza-aprendizaxe variadas e con diferente nivel de dificultade.
- Realizar agrupamentos que permitan contextos de aprendizaxe colaborativos.
- Considerar diferente tempo de realización das actividades en función dos diferentes ritmos de aprendizaxe
- Empregar recursos e materiais diferenciados (gráficos, audiovisuais, manipulables) para contempla-los distintos estilos de aprendizaxe do alumnado.
- Aplicar criterios de evaluación que contemplen diferentes graos de logro.
- Incluir actividades de reforzo para aquel alumnado que non seguen o ritmo de aprendizaxe do grupo.
- Incluir actividades de recuperación para aqueles que non acadan os obxectivos previstos.
- Facer actividades de ampliación para aqueloutros que van diante na súa aprendizaxe.

No caso de que o alumnado non poida realizar actividade física por sufrir algúna lesión ou enfermidade, deberase presentar un certificado médico oficial no que consten os problemas físicos ou de calquera outra índole que teña o alumnado e qué actividades están prohibidas ou poidan ser prexudiciais. A continuación estableceranse os obxectivos adaptados, seleccionaranse os contidos axeitados e os criterios de avaliación estarán acordes coas capacidades que se pretenden valorar.

Cando se comprobe co alumnado é incapaz de acada-los obxectivos propostos (a pesar de tódolos esforzos, adaptacións de material, elección de contidos, etc...), intentarase determinar a situación do alumnado con respecto ós obxectivos de referencia e elaborar a adaptación dos diferentes elementos curriculares.

Por último hai que dicir que dende o departamento da Educación Física se potenciará o respecto a diversidade mediante a organización de actividades complementarias, extraescolares e deportivo-competitivas que permitan e fomenten a participación conxunta de todo o alumnado sen atender a diferenzas individuais (xa sexan de xénero, culturais...)

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Expresión oral: os debates na aula, o traballo por grupos e a presentación oral son, entre outros, momentos a través dos cales os alumnos deberán ir consolidando as súas destrezas comunicativas.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comprensión lectora e expresión escrita: a realización de traballos durante o curso, a procura de artigos de interese extraídos de xornais, revistas e internet para que sexan lidos e comentados polos alumnos ten unha relación directa co traballo deste elemento transversal.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual e TIC: o uso das tecnoloxías da información estará presente en todo momento, xa que o alumnado non só terá que facer uso das TIC para traballar determinados contidos senón que poderá empregalas para comunicar a os demais as súas aprendizaxes, mediante a realización de presentacións , a gravación de audios , etc.	X	X			X	X	X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - Educación en valores: A través da Educación Física pretendemos crear unhas relacións baseadas en valores como a cooperación, amizade, axuda, solidariedade, xustiza e ademais, organizar tarefas grupais e democráticas, resolvendo os conflitos que poidan xurdir dunha forma dialogada e non violenta (fomentando a resolución de problemas entre iguais.)			X			X	X	X
ET.5 - Educación para a saúde: constitúe un dos eixes fundamentais da materia. A importancia do quecemento na prevención de lesións, aplicación de técnicas de relaxación e respiración para obter o equilibrio psicofísico, desligar a condición física do rendemento para establecela como elemento de mellora da saúde e prevención de enfermidades, e a adopción de hábitos de alimentación correctos.	X	X		X				
ET.6 - Educación e seguridade viaria e ambiental: prestaráselle unha especial atención nas saídas fóra do instituto con bicicletas, rutas de sendeirismo, etc. Trátase de evitar calquera tipo de comportamento negativo, perigoso ou nocivo para a saúde individual e colectiva. Interésanos que valoren e respecten o medio ambiente, e colaboren a súa conservación na medida das súas posibilidades.								X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.

<b>Actividade</b>	<b>Descripción</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
Roteiros de sendeirismo	En colaboración cos departamentos de Xeografía e Historia e Bioloxía e Xeoloxía. Levaranse a cabo en espacios próximos a contorna escolar, ou en aqueles lugares de especial interese dende o punto de vista medio-ambiental.		X	X
Actividades puntuais dentro de conmemoracións	O Departamento de E.F. colabora na maioría das conmemoracións que se desenvolven o longo do curso: Magosto, Nadal, Entroido, Semana Cultural.	X	X	X
Actividades previstas no Proxecto Deportivo de Centro (Plan Proxecta)	Recreos activos. Participación no Programa XOGADE na modalidade de Campo a Través, Orientación e Bádminton.		X	X
Xonadas Multideporte	En coordinación cos IES do concello realizaríamos dúas xornadas de multideporte, unha delas nunha instalación cuberta e outra na praia de Baltar		X	X

**Observacións:**

As actividades complementarias xogan un papel moi importante nesta programación. A escasa carga horaria que ten a área de EF pode e debe cumprimentarse cunha oferta de actividades físicas e deportivas compatibles coas outras actividades académicas.

Aínda que a normativa vixente non permite que estas actividades formen parte da cualificación do alumno, levarase a cabo unha avaliación das mesmas, quedando os resultados plasmados na memorial final do departamento.

Este tipo de actividades teñen un gran valor pedagóxico, e contribúen o traballo da maior parte dos estándares de aprendizaxe que forman parte do currículo.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro**

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realizo a programación de Educación Física tendo como referencia o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
Programo a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
Selecciono e secuencio de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudiantes.
Programo actividades e estratexias en función dos criterios de avaliación e os contidos.
Planifíco as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
Establezo, de modo explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e auto avaliación que permiten facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao en que alcanzan as aprendizaxes.
Cumpro a temporalización prevista no desenvolvemento dos contidos e criterios de avaliación.
Aplico criterios de avaliación e criterios de cualificación en cada un dos temas de acordo coa programación de área.
Teño en conta o procedemento xeral, que concreto na miña programación de aula, para a avaliación das aprendizaxes de acordo coa Programación de Área.

Reviso e corrixo frecuentemente os contidos, actividades propostas dentro e fora da aula, adecuación dos tempos, agrupamentos e materiais utilizados.
Contemplo outros momentos de avaliación inicial: a comezos dun tema, de Unidade Didáctica, de novos bloques de contido.
<b>Metodoloxía empregada</b>
Presento e propoño un plan de traballo, explicando a súa finalidade, antes de cada unidade.
Expoño situacións introductorias previas ao tema que se vai a tratar (traballos, diálogos, lecturas...).
Uso estratexias e procedementos de auto avaliación e co avaliación en grupo que favorezan a participación do alumnado na avaliación.
Propoño ao meu alumnado actividades variadas (de diagnóstico, de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de síntese, de consolidación, de recuperación, de ampliación e de avaliación).
Relaciono as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
Informo ao alumnado sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.
Expoño actividades que aseguran a adquisición dos obxectivos didácticos previstos e as habilidades e técnicas instrumentais básicas.
Proporciono información ao alumnado sobre a execución das tarefas e como pode melloralas e, favorezo procesos de auto avaliación e co avaliación.
Comprobo que o alumnado comprendeu a tarefa que ten que realizar: facendo preguntas, facendo que verbalicen o proceso.
Corrixo e explico os traballos e actividades do alumnado e, dou pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
Facilito estratexias de aprendizaxe: como solicitar axuda, como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas, dou ánimos e asegúrome a participación de todos e todas
Utilizo suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.
Controlo frecuentemente o traballo do alumnado: explicacións adicionais, dando pistas.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Nas actividades que propoño existe equilibrio entre as actividades individuais e traballos en grupo.
Distribúo o tempo adecuadamente: (breve tempo de exposición e o resto do mesmo para as actividades que o alumnado realiza na clase).
Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar, dos recursos para utilizar... etc, controlando sempre que clima de traballo sexa o adecuado.
Utilizo recursos didácticos variados ( audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...), tanto para a presentación dos contidos como para a práctica do alumnado, favorecendo o uso autónomo por parte do mesmo.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
En caso de obxectivos insuficientemente acadados propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición.
En caso de obxectivos suficientemente acadados, en curto espazo de tempo, propoño novas actividades que faciliten un maior grao de adquisición.
Relaciono os contidos e as actividades cos intereses e coñecementos previos do alumnado.
Teño en conta o ritmo de aprendizaxes do alumnado e, en función deles, adapto os distintos momentos do proceso de ensino-aprendizaxe.

Clima de traballo na aula
Estimulo a participación activa do alumnado na clase...
As relacións que establezco co meu alumnado dentro da aula e as que estes establecen entre si son correctas, fluídas e non discriminatorias.
Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa achega de todos e reacciono de forma ecuánime ante situacións conflitivas.
Proporciono situacións que facilitan ao alumnado o desenvolvemento da afectividade como parte da súa educación integral.
Fomento o respecto e a colaboración entre o alumnado e acepto as súas suxestións e achegas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Realizo unha avaliación inicial a principio de curso, para axustar a programación, na que teño en conta o informe final do tutor/a anterior, o doutros profesores /as e o do Departamento de Orientación.
Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, departamentos, equipos educativos e profesorado de apoio).
Utilizo diferentes medios para informar as familias e profesorado dos resultados da avaliación.
Coordínome con outros profesionais (profesorado de apoio, Departamento de Orientación), para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos...aos diferentes ritmos de aprendizaxe.

**Descripción:**

Faránse avaliacións do proceso de ensino-aprendizaxe trimestrais e tamén ao remate do curso, empregando lixtaxes de control, enquistas de satisfacción, resultados cuantitativos das avaliacións e seguimento trimestral das UD para valorar a consecución ou non dos indicadores de logro

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para ir avaliando procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así ir facendo as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerán un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

O seguimento da programación realizarase a través da sección de "Seguimento" da Aplicación PROENS. Nesta sección indicarase a data de inicio e fin da UD, o número de sesións previstas, o número de sesións realizadas, o grao de cumprimento da programación (baixo-medio-alto), as propostas de mellora e calquera observación que se considere oportuna..

Propónese facer o seguimento e a avaliación da programación nos seguintes prazos:

- Ao remate de cada unidade didáctica: avaliarase a eficacia das actividades plantexadas, a consecución de obxectivos por parte do alumnado, as dificultades atopadas, as necesidade de medidas de reforzo, os materiais e recursos empregados, outros instrumentos, etc.
- Unha vez ao mes, na reunión do departamento, realizarase o seguimento da programación didáctica e estableceranse as medidas correctoras que, de ser o caso, se estimen necesarias.
- Ao finalizar o trimestre, onde analizaranse as unidades didácticas levadas a cabo, factores favorables e dificultades atopadas na temporalización das mesmas e resultados acadados polo alumnado. No caso de que quedara sen impartir algúns UD, o seu peso repartirase equitativamente entre o resto de UU.DD. impartidas no trimestre.
- Ao finalizar o curso escolar.

As propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e unha vez discutido no seno

do departamento (reorientarán as estratexias para desenvolver contidos, reforzarán aspectos varios, variarán procedementos, etc....) sempre buscando a optimización do proceso e o aproveitamento dos recursos. Estas propostas deberán quedar reflectidas na memoria final do departamento.

## 9. Outros apartados